

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**2293** *Real decreto 126/2015, do 27 de febreiro, polo que se aproba a norma xeral relativa á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, dos envasados nos lugares de venda por petición do comprador e dos envasados polos titulares do comercio a retalho.*

A Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, incorporou a Directiva 79/112/CEE do Consello, do 18 de decembro de 1978, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios destinados ao consumidor final, que no ano 2000 foi codificada mediante a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, para unha maior claridade e racionalidade.

O lexislador nacional, de acordo coa facultade recoñecida aos Estados membros no artigo 14 da Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, para fixar as modalidades de etiquetaxe dos produtos alimenticios que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, ou nos produtos alimenticios envasados nos lugares de venda por petición do comprador ou envasados para a súa venda inmediata, procedeu ao seu desenvolvemento nos artigos 15 e 16 da mencionada norma xeral, aínda que na Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 212/1992, do 6 de marzo, xa se recollían obrigas equivalentes.

No ano 2011 publícase o Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1924/2006 e (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión, e o Regulamento (CE) n.º 608/2004 da Comisión.

No considerando (48) do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, menciónase que: «Os Estados membros deben seguir tendo dereito, dependendo das condicións e das circunstancias prácticas locais, a establecer normas respecto da información sobre alimentos non envasados. Aínda que en tales casos a demanda dos consumidores doutras informacións é limitada, considérase que a información sobre os alérxenos potenciais é moi importante. Existen indicios de que a maioría dos incidentes de alerxia alimentaria teñen a súa orixe en alimentos non envasados. Por tanto, sempre se lle debe facilitar ao consumidor a información sobre os alérxenos potenciais».

Doutra banda, é o artigo 44 do citado Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, o que se refire ás medidas nacionais relativas aos alimentos non envasados, e fai obrigatoria a indicación das mencións especificadas no artigo 9, número 1, alínea c), no caso dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, ou no caso dos alimentos envasados nos lugares de venda por petición do comprador ou envasados para a súa venda inmediata. Para o resto de mencións a que se refiren os artigos 9 e 10, a disposición comunitaria recolle que non serán obrigatorias, salvo que os Estados membros adopten medidas nacionais que exixan a súa indicación. Ademais, deixa potestade aos Estados membros para estableceren medidas nacionais que regulen os

medios que se poden utilizar para presentar estas mencións ou partes delas e, de ser o caso, a súa forma de expresión e presentación.

Na procura da mellora da información alimentaria que se lles facilita aos consumidores como base para lograr un alto nivel de protección, atendendo tamén á reclamada flexibilidade como unha das ferramentas necesarias para dar resposta ás diferentes modalidades de subministración dos alimentos e non esquecendo profundar no necesario equilibrio entre os distintos intereses, procédese ao desenvolvemento dos requisitos relativos á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, e dos alimentos envasados nos lugares de venda por petición do comprador ou envasados para a súa venda inmediata, conforme a facultade outorgada polo mencionado artigo 44 do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011. Así mesmo, establécense os requisitos de información aplicables a estes alimentos cando se comercializan mediante comunicación a distancia, tendo en conta as peculiaridades asociadas a este tipo de comercialización.

Existen adicionalmente disposicións nacionais e comunitarias que establecen indicacións obrigatorias de etiquetaxe para certos produtos alimenticios e que son tamén aplicables aos alimentos non envasados. É, por exemplo, o caso dos alimentos irradiados, os alimentos que consisten, conteñen ou son fabricados a partir de organismos modificados xeneticamente, ou os alimentos que conteñen colorantes enumerados no anexo V do Regulamento (UE) n.º 1333/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre aditivos alimentarios. Tales exixencias encóntranse reguladas polas correspondentes normas específicas, e aínda que non se reiteran neste real decreto, iso non significa que non deban ser respectadas e tidas en consideración para a comercialización dos alimentos non envasados.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nas regras 13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da economía, así como sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

No proceso de tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e emitiu informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta disposición foi sometida ao procedemento previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como ao disposto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, e que incorpora esta directiva ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Obxecto.*

Apróbase a adxunta Norma xeral relativa á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, dos envasados nos lugares de venda por petición do comprador e dos envasados polos titulares do comercio a retallo.

Disposición derogatoria. *Normas derogadas.*

Derróganse os artigos 15, 16, 17.3, 17.4 e 17.6, segundo parágrafo, da Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nas regras 13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

**NORMA XERAL RELATIVA Á INFORMACIÓN ALIMENTARIA DOS ALIMENTOS QUE SE PRESENTEN SEN ENVASAR PARA A VENDA AO CONSUMIDOR FINAL E ÁS COLECTIVIDADES, DOS ENVASADOS NOS LUGARES DE VENDA POR PETICIÓN DO COMPRADOR E DOS ENVASADOS POLOS TITULARES DO COMERCIO A RETALLO**

TÍTULO PRELIMINAR

**Obxecto, ámbito de aplicación e definicións**

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta norma xeral ten como obxecto desenvolver os requisitos específicos relativos á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, dos envasados nos lugares de venda, por petición do comprador, e dos envasados polos titulares do comercio a retallo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta norma xeral aplicaráselles aos operadores de empresas alimentarias en todas as fases da cadea alimentaria, no caso de que as súas actividades afecten a información alimentaria facilitada ao consumidor.

2. Será aplicable, sen prexuízo do disposto no Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1924/2006 e (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión, e o Regulamento (CE) n.º 608/2004 da Comisión, e noutras normas relativas a alimentos concretos, á información alimentaria de todos os alimentos destinados ao consumidor final, incluídos os entregados polas colectividades e os destinados á subministración das colectividades:

- a) Que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades;
- b) Envasados nos lugares de venda por petición do comprador;
- c) Envasados polos titulares do comercio a retallo para a súa venda inmediata no establecemento ou establecementos da súa propiedade;
- d) Recollidos nos supostos anteriores e ofrecidos para a venda mediante comunicación a distancia.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos do previsto nesta norma xeral, serán aplicables as seguintes definicións:

1. As definicións de «alimento», «empresa alimentaria», «explotador (ou operador) de empresa alimentaria», «comercio a retallo», «comercialización» e «consumidor final» do artigo 2 e do artigo 3, números 2, 3, 7, 8 e 18 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria.

2. As definicións de información «alimentaria», «información alimentaria obrigatoria», «colectividades», «alimento envasado», «ingrediente», «lugar de procedencia», «ingrediente composto», «etiqueta», «etiquetaxe», «lexibilidade», «denominación legal», «denominación habitual», «denominación descritiva», «ingrediente primario», «nutriente» e «técnica de comunicación a distancia» do artigo 2, número 2, alíneas a), c), d), e), f), g), h), i), j), m), n), o), p), q), s) e u) do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

## TÍTULO I

**Información alimentaria obrigatoria**

## CAPÍTULO I

**Alimentos que se presenten sen envasar e os envasados nos lugares de venda por petición do comprador***Artigo 4. Requisitos da información alimentaria obrigatoria.*

1. A información alimentaria obrigatoria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades e os envasados nos lugares de venda por petición do comprador, deberá incluír, polo menos, as indicacións seguintes:

a) A denominación do alimento, segundo se establece no artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011. A dita denominación irá acompañada, de ser o caso, das mencións obrigatorias adicionais para categorías ou tipos específicos de alimentos ás cales se refiren os números 1, 2, 3 e 4 do anexo III do dito regulamento.

b) As mencións específicas a que se refire o artigo 9, número 1, alínea c), do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, cunha referencia clara á substancia ou produto de que se trate segundo figura no anexo II do citado regulamento.

Esta indicación non será necesaria naqueles casos en que a denominación do alimento faga referencia claramente á substancia ou produto de que se trate.

c) A cantidade dun ingrediente ou dunha categoría de ingredientes de acordo co establecido no artigo 22 do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

d) O grao alcohólico nas bebidas cunha graduación superior en volume ao 1,2 por 100.

e) Aqueloutros requisitos que establezan, para esta modalidade de venda, as disposicións nacionais e da Unión Europea correspondentes.

2. Os requisitos previstos nos puntos anteriores, coa excepción do que se refire no artigo 9, número 1, alínea c), do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, e do previsto no artigo 4 da regulamentación técnico-sanitaria en materia de bebidas refrescantes, aprobada polo Real decreto 650/2011, do 9 de maio, non serán aplicables na comercialización dos alimentos entregados polas colectividades que se presenten sen envasar.

## CAPÍTULO II

**Alimentos envasados polos titulares do comercio a retallo para a súa venda inmediata no establecemento ou establecementos da súa propiedade***Artigo 5. Requisitos da información alimentaria obrigatoria.*

1. A información alimentaria obrigatoria dos alimentos que envasen os titulares do comercio a retallo para a súa venda inmediata no establecemento ou establecementos da súa propiedade deberá incluír, sen prexuízo daqueloutros requisitos que establezan as disposicións específicas correspondentes para cada alimento en particular, as indicacións recollidas nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, excepto o indicado no artigo 9, número 1, alínea l).

En canto á identificación da empresa alimentaria, referirase, en todo caso, ao envasador, de acordo co previsto no artigo 9, número 1, alínea h), do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

2. Sempre que quede asegurada a información do comprador, a etiquetaxe de bolsas e doutros envases que permitan á primeira vista unha identificación normal do produto e conteñan froitas, hortalizas, tubérculos ou froitos secos, como mínimo, deberá indicar:

- a) A denominación do alimento acompañada, segundo proceda conforme os requisitos da normativa específica, da categoría e da variedade ou do tipo comercial e do país de orixe.
- b) A cantidade neta.
- c) A identificación do operador da empresa alimentaria, de acordo co previsto no artigo 9, número 1, alínea h), do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

## CAPÍTULO III

### Dispoñibilidade, colocación e presentación da información alimentaria

Artigo 6. *Dispoñibilidade e colocación.*

1. A información alimentaria obrigatoria estará dispoñible e será facilmente accesible, de conformidade co previsto no Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, e nesta norma xeral.

2. As indicacións da información alimentaria obrigatoria previstas no artigo 4 presentaranse de forma escrita en etiquetas adheridas ao alimento ou rotuladas en carteis colocados no lugar onde os alimentos se presenten para a súa venda, sobre o alimento ou próximo a el, de maneira que a dita información cumpra cos requisitos do número 1.

3. As indicacións da información alimentaria obrigatoria previstas no artigo 5 deberán figurar sobre o envase ou nunha etiqueta unida a este. Non obstante, coa excepción da data de duración mínima ou da data de caducidade, o resto das indicacións poderán figurar rotuladas en carteis colocados no lugar onde os alimentos se presenten para a súa venda, cando esta se realice baixo a modalidade de venda con vendedor.

En réxime de autoservizo, a indicación da denominación de venda para os produtos enumerados no artigo 5.2 poderá figurar rotulada en carteis colocados no lugar onde os alimentos se presenten para a súa venda, próximos ao alimento en cuestión.

4. Cando as indicacións da información alimentaria obrigatoria previstas nos artigos 4 e 5 figuren sobre o envase ou nunha etiqueta unida a este, imprimiranse en caracteres que utilicen un tamaño de letra, polo menos, igual aos indicados no artigo 13, números 2 e 3, do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, conforme as previsións que en cada caso se establecen nos citados puntos.

5. Non obstante o disposto nos números 2 e 3, para facilitar a información a que se refire o artigo 4.2 permítese o emprego doutros medios apropiados sempre que estean accesibles para o consumidor antes de que finalice o acto de compra e non supoñan un custo adicional para o consumidor, conforme os requisitos seguintes:

a) A información a que se refire o artigo 4.2 poderase facilitar de forma oral, coa condición de que:

1.º A información se poida subministrar facilmente e cando sexa solicitada, antes de finalizar o acto de compra, por parte do persoal do establecemento ou a través de medios alternativos que non supoñan un custo adicional para o consumidor.

2.º A información se rexistre de forma escrita ou electrónica no establecemento onde os alimentos se ofrecen para a súa venda e sexa facilmente accesible tanto para o persoal do establecemento como para as autoridades de control e os consumidores que a soliciten.

b) Nas zonas do establecemento onde se ofrezan para a venda os alimentos mencionados no artigo 2.2 indicárase de maneira que sexa facilmente visible, claramente lexible e accesible aos consumidores, o lugar do establecemento onde se atopa dispoñible a información a que fai referencia o artigo 4.2 ou, alternativamente, indicárase que os consumidores se poden dirixir ao persoal do establecemento para obteren a información sobre as substancias e os produtos a que se refire o artigo 4.2.

Nos casos en que dentro dun mesmo establecemento existan diversas seccións nas cales se ofrezan para a venda os alimentos mencionados no artigo 2.2, as indicacións a que se refire o parágrafo anterior deberán estar dispoñibles en cada unha de tales seccións.

c) A indicación a que se refire a alínea b) non será necesaria cando a información a que se refire o artigo 4.2 se facilite mediante etiquetas adheridas ao alimento ou mediante carteis situados xunto a eles, de forma que sexa facilmente lexible polo consumidor antes de que conclúa o acto de compra.

d) A indicación a que se refire a alínea b) non será necesaria nos lugares en que se subministren comidas especificamente adaptadas ás necesidades dos consumidores afectados de alerxias ou intolerancias alimentarias. Non obstante, a información sobre as substancias e produtos susceptibles de causaren alerxias e intolerancias a que se refire o artigo 4.2 estará dispoñible en tales establecementos e deberáse facilitar sempre que a soliciten os consumidores ou as autoridades de control.

#### Artigo 7. *Presentación.*

De acordo co previsto no artigo 13, número 1, do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, a información alimentaria obrigatoria indicárase nun lugar destacado, de maneira que sexa facilmente visible, claramente lexible e, de ser o caso, indeleble. De ningún xeito estará disimulada, tapada ou separada por ningunha outra indicación ou imaxe, nin por ningún outro material interposto.

### TÍTULO II

#### Información alimentaria voluntaria

#### Artigo 8. *Requisitos aplicables.*

Cando adicionalmente se facilite voluntariamente a información alimentaria mencionada nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, ou outro tipo de información que non teña carácter obrigatorio conforme esta norma xeral, deberáse respectar o que se establece nos artigos 36 e 37 do citado regulamento.

Cando se facilite voluntariamente a información nutricional, o contido desta axustarase ao indicado no artigo 30, número 5, do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

### TÍTULO III

#### Alimentos non envasados ofrecidos para a venda mediante comunicación a distancia

#### Artigo 9. *Dispoñibilidade da información alimentaria obrigatoria.*

Na venda mediante comunicación a distancia dos alimentos mencionados no artigo 2.2, as indicacións da información alimentaria obrigatoria exixidas en virtude do establecido nos artigos 4 e 5 para cada modalidade de presentación estarán dispoñibles conforme o disposto no artigo 14, número 1, do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011. Non obstante o anterior, a indicación

relativa ao país de orixe ou lugar de procedencia a que se refire o artigo 9, número 1, alínea i), do mencionado regulamento, así como as indicacións que, sendo obrigatorias, non se enumeran no dito artigo 9, número 1, poderán non estar dispoñibles antes de que se realice a compra.

Todas as mencións obrigatorias segundo o establecido nos artigos 4 e 5 deberán estar dispoñibles no momento da entrega.

## TÍTULO IV

### Lingua na información alimentaria obrigatoria

Artigo 10. *Lingua na información alimentaria obrigatoria.*

As indicacións correspondentes á información alimentaria obrigatoria ás cales se fai referencia nos artigos 4 e 5 expresaranse, polo menos, en castelán, lingua española oficial do Estado.

O disposto no punto anterior non será de aplicación aos produtos tradicionais elaborados e distribuídos exclusivamente no ámbito dunha comunidade autónoma con lingua oficial propia, excepto no relativo á indicación das mencións específicas ás cales se refire o artigo 9, número 1, alínea c), do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

## TÍTULO V

### Responsabilidades e obrigas dos operadores

Artigo 11. *Comunicación ao operador da información alimentaria obrigatoria.*

Sen prexuízo doutras responsabilidades, os operadores das empresas alimentarias, conforme o que se establece no artigo 8, número 6, do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, garantirán que a información relativa aos alimentos non envasados mencionados no artigo 2.2 se lle comunique ao operador da empresa alimentaria que vaia recibir o alimento para que se lle poida facilitar ao consumidor final a información obrigatoria prevista nos artigos 4 e 5.

Artigo 12. *Conservación da información alimentaria obrigatoria.*

Para permitir en calquera momento unha correcta identificación dos alimentos sen envasar e dos vendidos de maneira fraccionada, o operador da empresa alimentaria manterá á disposición dos órganos de control ou dos consumidores que a soliciten a información a que fai referencia o artigo 11, polo menos, ata que se poida supor razoablemente que os alimentos foron consumidos.